



## XI Unificación de Criterios I-SAP e VIII Curso de Podoloxía Bovina

Os días 2, 3 e 4 de marzo tivo lugar en Avilés (Asturias) a XI edición da Unificación de Criterios I-SAP e o VIII Curso de Podoloxía Bovina, coorganizado por Conafe e a Asociación Profesional de Podoloxía Bovina (APPB), no cal participaron preto de setenta podólogos, entre eles algúns provenientes de Italia, Holanda, O Reino Unido e Portugal.



**José María García Nieto**  
Presidente da APPB

**D**ada a importancia que estes cursos teñen para a nosa formación, antes de nada, queremos agradecerlles ás ganderías asturianas La Corona (Laviana, Gozón), Casa Pepemilio (Guimarán, Carreño), Bernabé SC (Guimarán, Carreño) e Gandería Carbayeda (Gozón) a súa amable acollida e colaboración para a posta en marcha desta nova edición, tras a anterior, realizada en Segovia.

Queremos lembrar que este tipo de actividades formativas nos permiten medrar profesionalmente en todos os aspectos e, desta maneira, poder darlles o mellor servizo aos nosos clientes.



Nesta ocasión para o seu desenvolvemento contouse con varios relatores e profesores de gran prestixio, así como tamén co grupo de formadores do propio I-SAP.

### SESIÓN MATUTINA A CARGO DE GRANDES EXPERTOS

A mañá da primeira xornada dedicouse á parte teórica, na cal se trataron temas de moita importancia para nós, impartidos polos mellores profesionais, coma os que describimos a seguir:

**Fabio Testori** (podólogo) e **Raffaella Finocchiaro** (ANAFIBJ) presentaron o proxecto italiano de mellora xenética e saúde podal no vacún leiteiro, e compartiron o seu modelo de traballo cos podólogos ibéricos.

Seguidamente, **Piet Kousterman** centrouse na laminite e as súas consecuencias sobre o futuro do pezuño, un interesantísimo relatorio do profesor de recorte holandés, ao que relevou **Herwin Brouwers** coa súa exposición sobre o coidado sustentable dos pezuños.



Pola súa banda, **George Oikonomou**, da Facultade Veterinaria de Liverpool, ofreceu unha charla sobre como podería explicar a xenética: a susceptibilidade, curación e recuperación das lesións, e **Giovanni Montoya** puxo o

► QUEREMOS LEMBRAR QUE ESTE TIPO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NOS PERMITEN MEDRAR PROFESIONALMENTE EN TODOS OS ASPECTOS E, DESTA MANEIRA, PODER DARLLES O MELLOR SERVIZO AOS NÓSOS CLIENTES

foco en analxesia e benestar, algo ao que dende a APPB lle damos moita importancia e está moi presente no noso día a día.

Tras eles, chegou a quenda de **Frederic Charrier**, que disertou sobre a “Identificación do tipo de gandeiro e a maneira de darlle un *feedback*”, e analizou a forma de comunicación profesional cos clientes.

**Miguel Ángel García e Pablo Salgado** déronlles a coñecer aos asistentes “La guía del podólogo”, un traballo realizado polo grupo de traballo GT-FEPYBA, do cal eles dous forman parte. Unha vez mostrado e explicado o manual, anunciáronse os talleres da sesión práctica previstos para a sesión vespertina.

Para finalizar a parte teórica, **Noureddine Charfeddine** (Conafe) enunciou as novidades do programa I-SAP.



## TALLERES PRÁCTICOS EN DIVERSAS GANDERÍAS

A parte práctica dividiuse en varios obradoiros con grupos pequenos de xente para un mellor desenvolvemento das actividades:

1. **Recorte de pezuños** con Piet Kloosterman e o grupo de formadores I-SAP. Divididos en tres grupos cun poldro por grupo, foron pasando vacas para ver a técnica de recorte e identificando e debatendo sobre as lesións que ían aparecendo.
2. **Avaliación da condición corporal**, da man de Santiago Mato, responsable do Departamento de Cualificación Morfolóxica de Conafe, que presentou unha parte teórica e unha práctica, mostrándonos como facer unha avaliación de condición corporal.

3. **Uso de novas tecnoloxías en podoloxía bovina**, que se dividiu en dous grupos: un co ecógrafo para medición da almofada graxa dirixido por George Oikonomou, e outro con cámara térmica para diagnose de procesos inflamatorios a cargo de Javier Blanco (UCM).

## OITO TALLERES MÁIS O ÚLTIMO DÍA

Como peche desta nova edición, para a derradeira xornada esperábonos oito talleres máis, que foron repartidos en catro estacións nas que os grupos de podólogos se ían rotando cada 45 minutos.

Arturo Gómez (Zinpro) dirixiu o taller de *cow comfort*, onde explicou como as medidas e os pequenos trucos sobre ventilación, patios, camas..., son detalles que poden facer que unha granxa sexa máis ou menos comfortable.

Na mesma granxa tamén se levou a cabo un obradoiro de recorte, dirixido por dous dos formadores I-SAP, Ángel Tomas e Emilio López, no que todos os participantes fixeron recorte. Na segunda granxa desenvolvéronse outros dous talleres de recorte, con dous formadores por taller, Miguel Ángel García e Víctor Fuentes nun, e Manuel Vidal e Pablo Salgado, no outro. Nestes talleres puntuábase o recorte descrito polo grupo de traballo GT-FEPIBA, baseado no sistema holandés e que se explicou previamente. Estes tres talleres contaron co apoio do profesor Piet Kloosterman.



Outro obradoiro dedicouse á identificación de lesións e a súa severidade mediante un entretido xogo Kahoot! a cargo de Judit Solana. Tamén se realizou unha auditoria virtual dirixida por Marc Pineda e Roger Bellet, na que se analizaban os puntos críticos dunha granxa.

Na última estación Frederic Charrier e Noureddine Charfeddine foron os encargados de impartir outros dous talleres, titulados “Comunicar e informar ao gandeiro” e “Informes para a análise e o manexo da saúde podal”.

## PREMIOS PARA OS MELLORES

Tamén nesta última xornada se decidiu avaliar os participantes e darlles premios aos tres mellores, para así facelo máis atractivo e, ao tempo, competitivo. Para isto en cada taller foise puntuando os participantes polo seu traballo e a media de puntuación xeral foi alta e parella, polo que quedamos moi satisfeitos co resultado. As tres puntuacións máis altas foron para Juan José Sánchez López, Diego Sanmartín Menéndez e Javier Sáez Mateos. ■

